

XXX CICLO DE ÓRGANO E MÚSICA ANTIGA

Colexiata Santa Maria a Real
ás 20:00 horas

Domingo 18 de agosto
Rui Paiva, Órgano

Domingo 25 de agosto
Abdelaziz Samsaoui, Ins Árabes
Marisol Mendive, Órgano

Domingo 1 de setembro
Dúo la Oropéndola
Órgano a cuatro manos

Domingo 8 de setembro
Titulados de Órgano
CMUS(Ourense)



Concello
Xunqueira de Ambía



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



Saúdo do Alcalde

O Concello de Xunqueira de Ambía consciente do seu legado patrimonial pola tradición organística que posúe a Colexiata, ven desenvolvendo unha programación musical entorno a este singular elemento polo que se creou o “**Ciclo de Órgano e Música Antiga**” acadando a **XXX edición**.

Tendo a sorte de contar cun fantástico escenario como é a **Colexiata de Santa María a Real**, podemos un ano máis levar a cabo esta interesante actividade cultural para que tanto veciños como visitantes disfruten de algo tan formidable para os sentidos como é a música que proxecta o **principal protagonista** desta nova edición de ciclo.

É moi gratificante ver o paso das diferentes persoas, nenos e nenas que asistían acompañados dos seus pais a disfrutar dos concertos e que agora son eles os que agarran da man os seus fillos e transmiten o amor por seguir participando deste gran evento cultural, así como as novas xeracións que xa naceron co ciclo, as que nos deleitan participando como concertistas.

O longo destes trinta anos creouse un ambiente musical onde a convivencia convertiuse nun elemento dinamizador de ideas e iniciativas.

Agradecer a colaboración, ás institucións e persoas que fixeron e fan posible que hoxe o nome de Xunqueira de Ambía se relacione directamente coa música de Órgano e Música Antiga.

Un saúdo

José Luis Gavilanes Losada
Alcalde de Xunqueira de Ambía

Saúdo do Párroco

Damos a benvida ao trixésimo ciclo de concertos de órgano que se celebrará no mes de agosto na colexiata de Xunqueira. Son moitos anos de concertos, moitas notas saídas e escoitadas, moitos aplausos dedicados ás moitas persoas que desfilaron facendo soar cos seus dedos virtuosos os tubulares do vello órgano da nosa igrexa.

Cando se chega a un aniversario coma este (XXX[~] talla grand[~]), coido que é interesante poñer a lupa ou concentrar o zoom da nosa atención para destacar algúns aspectos concretos. Poden ser: o público que gustou a música e bateu as súas palmas. Poden ser tamén os artistas que nos fixeron gustala. Como non ter presentes tamén as persoas que organizaron estes concertos. Noutra liña, podemos fixarnos no propio órgano, este instrumento tan antigo, que é tamén ‘obra de arte’, que parece ter vida propia. E podemos tamén fixarnos no propio lugar, ou escenario: colexiata e órgano forman unha unidade fermosa que non se pode disgregar.

Pois, sendo tantos os elementos para a nosa admiración, eu quero poñer o meu acento noutro aspecto especial: a música de órgano, para «conectar». Conectar, aínda máis? Certo que andamos sobrados de conexións neste mundo ‘interconectado’ e hiperconectado; as veces parecemos posesos, alienados, polos móbiles que nos teñen ansiosamente ‘conectados’. Creo que a música de órgano é (aínda!), un medio extraordinario para conectar con Deus, de quen tanta xente xa desconectou, de quen tanta xente parece estar de volta, sen haber estado de ida, cara El.

Felicidades por estes trinta anos de concertos de órgano, e grazias a tantas persoas que os organizaron e desfrutaron. Continuemos desfrutando.

O Párroco.
Francisco Ferreras.

Domingo 18 de Agosto às 20:00 horas

Rui Paiva (Portugal)

Programa

Johann Pachelbel (1653-1706)
Aria Tertia, do "Hexachordum Apollinis"

Georg Muffat (1653-1704)
Toccatà X

Domenico Scarlatti (1685-1757)
Sonata K. 224 em Ré Maior
Sonata (Fuga) K. 58 em Dó menor

Juan Bautista José Cabanilles (1644-1712)
Pasacalles III de 3º tono

Ramón Ferreñac (1763-1832)
Tempo de minué

José Lidon (1748-1827)
Sonata em Sol

Carlos Seixas (1704-1742)
Sonata em Fá menor

Soror Piedade (Segunda metade do séc. XVIII)
Discurso de 1º Tom

Anónimo português (Segunda metade do séc. XVIII)
Tocata para Corneta e Clarim

Francisco Xavier Bachixa (? - 1787)
Sonata em Ré Maior

Rui Paiva *Curriculum*

Nacido en 1961, Rui Paiva é licenciado en Enxeñería Electrónica polo Instituto Superior Técnico de Lisboa e concluíu o Curso de Órgano do Conservatorio Nacional de Lisboa baixo a orientación do profesor Joaquín Simões dá Hora. Estudou tamén Baixo Continuo coa profesora Cremilde Rosado Fernández. Como Bolseiro da Fundación Calouste Gulbenkian (1987-1989), continuou os estudos de órgano coa profesora Montserrat Torrent no Conservatorio Superior de Barcelona e coa orientación do profesor José Luis González Uriol, concluíu os Cursos Superiores de Clave e de Órgano no Conservatorio Superior de Zaragoza coa máxima cualificación e Premio Extraordinario de Fin de Curso en Órgano.

Colaborou como organista e clavecinista con diversos conxuntos instrumentais e vocais, tales como os Segreis de Lisboa, Orquestra Gulbenkian, Orquestra Barroca Capela Real, o grupo de música barroca A Caccia e o Quarteto Arabesco. Realizou concertos como solista en Portugal, España, Francia, Bélxica, Italia, Holanda, Inglaterra, Croacia, Eslovenia, Polonia, EE. UU., Brasil e México. Realizou diversas gravacións discográficas de música portuguesa.

Rui Paiva foi, de 1989 a 2011, profesor de órgano no Conservatorio Nacional de Lisboa e, desde 1990, profesor de órgano e director da Academia de Música de Santa Cecília de Lisboa.

Domingo 25 de Agosto ás 20:00 horas

Abdelaziz Samsaoui: instrumentos de corda árabes
Marisol Mendive: Órgano

Licencias sonoras: tres universos musicales: Órgano, Kanún, Oud

(*) Juntos () Órgano (***) Kanún, Oud**

PROGRAMA

1.-Saz Samaí (***)

Tarz Chihan

2.- Twichia (Danza) Asbahan *Tradición Andalusí* (***)

3.- S. Aguilera de Heredia (1561-1627)

Salve de primer tono por delasolre

4.- Hernando de Cabezón (1541-1601) (**)

Douce Memoire

5.-Cantiga Martín Codax nº1:

Ondas do mar de Vigo (*)

6.-Cantiga Martin Codax nº2:

Mandad'ey comigo (*)

7.- L.Massaglia (1975) (**)

Tiento homenaje a Antonio de Cabezón Op.1

8.- Twichia (danza) N°7 *Tradición Andalusí* (***)

7.-J.B.Comes (1582-1643) (*)

Gozos a Nuestra Señora de la Antigua

8.- Alfonso X el Sabio (1221-1284) (*)

Cantiga nº 77 y 119

11.-J.Ximenez (1600-1672) (**)

Batalla de Sexto Tono

12.- Alalá do Cebreiro (*)

Abdelaziz Samsaoui

Kanún Oud

Curriculum

Multiinstrumentista autodidacta nacido en Tetuan e formado no conservatorio superior de música Andalusí de Tetuán. Realizou estudos en laúde e violín Andalus baixo a dirección de Telemsaní, perfeccionando cos mestres Mezuak e Amin Ao- Akrami, entre outros. Formou parte da Orquestra Nova do Conservatorio de Música Andalusí de Tetuán, coa que ofreceu recitais en festivais a nivel nacional e Internacional. Foi asignado como profesor “Principios de Música Andalusí” durante tres anos no I. F. P Juan da Cerva.

O seu interese pola música antiga, étnica e de corte tradicional levoulle a progresar nun inesgotable itinerario musical a través de distintos instrumentos de corda (laúde, vde, rebaba, Viola, Salterio e Kanún). Paralelamente ao seu labor como Axente Cultural e Xerente de empresa de deseño proxectos culturais, dirixiu festivais e ciclos de gran prestixio. Tales como Coprodución Etnosur, Ciclo de Música en Castelo Santa Catalina de Cádiz. Festizaje (Xaén), colaborando así con Festival Internacional de música Clásica de Santander, Canarias e Selecta, Festival Islámico de Mértola (Portugal), proxectos Europeos: Oralidades (Bulgaria, Malta, Portugal e España).

En 1999 Invitado ao festival de música antiga da Universidade de Tartu (Estonia), ditando conferencias e semanarios. A súa traxectoria artística foise enriquecendo con colaboracións e gravacións en diferentes grupos de diversos estilos musicais especialmente Musica Antiga e do Mundo.

Marisol Mendive

Curriculum

Licenciada en Ciencias da Educación pola Universidade de Barcelona, realiza estudos de órgano cos profesores J. L. González Uriol (Zaragoza) e M. Torrent (Grao Superior, Barcelona). Participa en numerosos cursos de perfeccionamento dirixidos polos profesores Daniel Roth, Andreas Arand, Michael Radulescu, etc.

A súa actividade como concertista desenvolveuse en numerosas capitais españolas e diversas cidades de Italia, Suíza, Croacia, Noruega, Portugal, Alemaña México e Madeira.

Ao longo da súa carreira realizou diversas gravacións discográficas. En 2008 gravou no órgano da Sé de Zaragoza, a obra inédita de D. Joaquín Broto Salamero (1921-2006) último organista deste importante Órgano histórico aragonés.

Desde o ano 2004 é Profesora de Órgano do Conservatorio Profesional de Música de Ourense e Directora Artística do Ciclo de Órgano de Xunqueira de Ambía (Ourense).

Preside a Asociación Cultural de Amigos do órgano Un rato no tubo, creada no ano 2011 coa finalidade de achegar o mundo do Órgano a persoas de todas as idades a través de concertos e actividades de carácter ameno e entretido.

Domingo 1 de Setembro ás 20:00 horas

Dúo La Oropéndola: Órgano a cuatro manos

Programa

(*) J.L.G.Uriol

(**) J.Artigas)

Ramón Ferreñac (1763-1832)

Sonata de clarines en Sol a quatro manos

G.B. Pescetti (1704-1766) (*)

Sonata: Allegro.Adagio.Presto

F. Eguiguren (1743-¿?) (**)

Concierto airoso

J. C. Kellner (1736-1803

Fuge mit vier Händen für die Orgel.

R. Ferreñac (1763-1832)

Rondó a quatro manos

G. Morandi (1777-1856)

Introduzione con l' imitazione di piena orchestra

Tema

Variazione 1ª: Imitazione del Clarinetto.

Variazione 2ª: Imitazione di Flauti e Fagotto

Variazione 3ª: Imitazione delle Viole

Variazione 4ª: Imitazione de' Campanelli

Variazione 5ª: Imitazione del Flauto Ottavino

Finale: Imitazione di una Musica Militare

La Oropéndola:

José Luis González Uriol.

Javier Artigas Pina.

La Oropéndola

Curriculum

Levados polo seu interese cara á literatura escrita para dous instrumentos de teclado ou para catro mans, José Luis González Uriol e Javier Artigas Pina, organistas e clavecinistas ambos, deciden dedicar parte da súa actividade concertística á investigación e interpretación deste repertorio xurdido na mediación do século XVIII e que se desenvolveu no Preclasicismo e Clasicismo.

Desde a súa creación A Oropéndola foi convidada a realizar recitais nos Festivais de música máis importantes, tanto en España, como nos países da nosa contorna europea como Francia, Italia, Portugal, Croacia, etc...

José L. González Uriol é natural de Zaragoza. Catedrático de Órgano e Clavicémbalo do Conservatorio Superior de Música de Zaragoza de 1985 a 2007, onde desempeñou en dúas ocasións o cargo de Director. Interprete de prestixio indiscutible, está recoñecido no mundo enteiro como especialista en Música Antiga de Tecla. Estudos musicais, baixo o maxisterio de Kastner (Lisboa) e Leonhardt (Ámsterdam).

Javier Artigas Pina É asesor da Dirección Xeral de Cultura e Patrimonio Histórico para a restauración e conservación dos órganos históricos da Comunidade Autónoma da Región de Murcia, membro do Consello Asesor da Revista de Musicología “Nassarre” e da Sección de Música da Institución Fernando o Católico. Foi director do Conservatorio Superior de Música de Murcia, centro no que actualmente segue realizando o seu labor docente como Xefe do Departamento de Música Antiga e catedrático numerario de órgano e clave.

Domingo 8 de Setembro ás 20:00 horas

**Concerto a cargo de unha selección Titulados en Órgano do
Conservatorio Profesional de Música de Ourense.**

Preténdese dar a coñecer e mostrar o froito dun traballo que durante 15 anos lovou a cabo na aula de Órgano do Conservatorio de Ourense, baixo a dirección e coordinación da profesora Marisol Mendive e que deu como resultado unha nova e brillante xeración de organistas provenientes de distintas cidades de Galicia.

Deron concertos nas catedrais de Braga (Portugal), Lugo, Tui e Santiago de Compostela, ademais de ofrecer concertos en diversos mosteiros e igrexas, converténdose un unha verdadeira escola de organistas de Galicia.

**Concerto a cargo de unha selección Titulados en Órgano do
Conservatorio Profesional de Música de Ourense.**

Programa a determinar.



Órgano da Colexiata

Historia

O actual órgano da colexiata de Sta. María a Real de Xunqueira de Ambía é o terceiro coñecido na súa historia. O primeiro órgano do que temos coñecemento data do ano 1536 e foi obra do organeiro de Allariz Bernal Díaz. No século XVII foi substituído por outro de Gaspar de Alaraz. O que hoxe vemos foi colocado en 1759 polo seu constructor Manuel González Maldonado de Santiago de Compostela. A caixa é obra do escultor Xoan de San Martín. Dividido en órgano maior e órgano de ecos, con dous teclados de 45 notas (1ª oitava corta), é un brillante exemplar de época dourada do órgano ibérico, con un soar "plenum" e una potente legüetería.

Disposición do órgano

TECLADO PRINCIPAL

Chirimía	Oboe
Dulzaina	Dulzaina
Bajoncillo de Tenor	Clarín
Trompeta de batalla	Trompeta magna
Trompeta real (interior)	Trompeta real (interior)
Clarón (5 hileras)	Corneta real (6 hileras)
Flautado de violón	Flauta dulce
Zímbala (4 hileras)	Zímbala (4 hileras)
Lleno(4 hileras)	Lleno (4 hileras)
Diez y novena	
Diez y setena	
Quincena	Quincena
Docena	Docena
Octava real	Octava real
Flautado de trece	Flautado de trece

TECLADO DE ECO

Trompeta bastarda	Clarín
Corneta Inglesa (3 hileras)	Corneta real (6 hileras)
Lleno (4 hileras)	Corneta inglesa (3 hileras)
Quincena	Flauta tapada
Octava	Lleno (4 hileras)
Flautado tapado	Flautado trece
6 pistas de contra, 4 pistas de Timbales, Cascabeles	




Colabora



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DE OURENSE

Organiza



CONCELLO XUNQUEIRA DE AMBÍA

Praza San Rosendo nº1, Tel. 988436069
xunqueiradeambia.org